

# MEMORIA XUSTIFICATIVA DO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO FORMATIVO

Sesións de demostración práctica do uso de Internet:  
Aplicación da tecnoloxía web 2.0 na promoción do sector  
hostaleiro de Pontevedra



Proxecto cofinanciado:



Este documento está publicado baixo unha licenza Creative Commons na súa variante **Recoñecemento – Compartir Igual (by-sa)**, polo que permítase o uso comercial da obra e das posibles obras derivadas, a distribución das cales se debe facer cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.



#### Usted es libre de:



Compartir - copiar, distribuir, ejecutar y comunicar públicamente la obra



hacer obras derivadas



#### Bajo las condiciones siguientes:



**Atribución** — Debe reconocer los créditos de la obra de la manera especificada por el autor o el licenciante (pero no de una manera que sugiera que tiene su apoyo o que apoyan el uso que hace de su obra).



**Compartir bajo la Misma Licencia** — Si altera o transforma esta obra, o genera una obra derivada, sólo puede distribuir la obra generada bajo una licencia idéntica a ésta.

#### Entendiendo que:

**Renuncia** — Alguna de estas condiciones puede **no aplicarse** si se obtiene el permiso del titular de los derechos de autor

**Dominio Público** — Cuando la obra o alguno de sus elementos se halle en el **dominio público** según la ley vigente aplicable, esta situación no quedará afectada por la licencia.

**Otros derechos** — Los derechos siguientes no quedan afectados por la licencia de ninguna manera:

- Los derechos derivados de **usos legítimos** u otras limitaciones reconocidas por ley no se ven afectados por lo anterior.
- Los derechos **morales** del autor;
- Derechos que pueden ostentar otras personas sobre la propia obra o su uso, como por ejemplo **derechos de imagen** o de privacidad.

**Aviso** — Al reutilizar o distribuir la obra, tiene que dejar muy en claro los términos de la licencia de esta obra. La mejor forma de hacerlo es enlazar a esta página.

## Índice

A) DESCRICIÓN DO PROXECTO.....	4
B) OBXECTIVOS DO PROXECTO.....	5
C) INTERESE E OPORTUNIDADE DO PROXECTO.....	6
D) IMPACTO DO PROXECTO.....	7

## A) DESCRICIÓN DO PROXECTO

O fundamento do proxecto “Sesións de demostración práctica do uso de Internet: Aplicación da tecnoloxía web 2.0 na promoción do sector hostaleiro de Pontevedra” foi a realización de diferentes actividades de formación TIC que permitiron dar a coñecer as numerosas oportunidades que ofrece a web 2.0 como ferramenta de promoción turística, dentro do sector hostaleiro de Pontevedra. As accións formativas incluíron sesións demostrativas prácticas sobre as funcionalidades que ofrecen as tecnoloxías web 2.0., concretamente as redes sociais e os blogs, así como unha conferencia a cargo dun relator de referencia no ámbito da promoción turística mediante o emprego das TIC.

Todas as actividades estaban dirixidas a xerentes, directores, responsables e traballadores dos diferentes negocios hostaleiros da provincia de Pontevedra que son socios de FEPROHOS: hoteis, hostais, casas rurais, restaurantes, cafeterías, discotecas, etc. De esta forma tratouse de dotar a todos os profesionais do sector de novos coñecementos e utilidades que puideran ser oportunamente aproveitadas en beneficio dos seus negocios hostaleiros.

Atendendo ás necesidades prioritarias dos destinatarios neste ámbito e tratando de maximizar o aproveitamento do investimento realizado desenvolvéronse as seguintes accións didácticas:

- Módulo 1. Promoción a través das Redes Sociais. Nivel básico.
- Módulo 2. Promoción a través das Redes Sociais. Nivel avanzado.
- Módulo 3. Promoción a través de Blogging. Nivel básico.
- Módulo 4. Promoción a través de Blogging. Nivel avanzado.
- Conferencia “Internet coma ferramenta de promoción e expansión”.

Cada un dos 4 módulos foi impartido nas cidades de Vigo e de Sanxenxo (Pontevedra), durante o mes de Setembro, por un formador capacitado para a labor e que contaba con ampla experiencia. Por outra parte a conferencia celebrouse no Salón de Actos do Círculo de Empresarios de Galicia no Clube Financeiro de Vigo (CFV).

Na seguinte táboa móstrase un resumo da organización das accións desenvolvidas:

Actuación	Nº módulos Vigo	Nº módulos Pontevedra	Duración (horas)	Nº días / actuación
Módulo 1. Promoción a través das Redes Sociais. Nivel básico.	1	1	8	2
Módulo 2. Promoción a través das Redes Sociais. Nivel avanzado.	1	1	8	2
Módulo 3. Promoción a través de Blogging. Nivel básico.	1	1	8	2
Módulo 4. Promoción a través de Blogging. Nivel avanzado.	1	1	8	2
Conferencia “Internet coma ferramenta de promoción e expansión”.	1	-	2	1

## **B) OBXECTIVOS DO PROXECTO**

Tras o desenvolvemento das actuacións formativas programadas, e tal como se previra, acadáronse os seguintes obxectivos:

- Achegar ao sector hostaleiro da provincia de Pontevedra á tecnoloxía 2.0., e particularmente ao emprego das redes sociais e blogs, para promover o seu emprego como canal de negocio e mellorar a presenza en Internet do sector.
- Promover a adopción de novas estratexias comerciais, baseadas na web 2.0., que faciliten o contacto e intercambio de información co cliente, e que favorezan a súa participación directa na promoción e difusión dos establecementos hostaleiros adheridos a FEPROHOS.
- Fomentar o emprego das novas TIC, e o aproveitamento das súas vantaxes e utilidades, e promover a incorporación á Sociedade da Información do sector hostaleiro da provincia de Pontevedra, membro de FEPROHOS en particular, e da sociedade galega, en xeral.

## **C) INTERESE E OPORTUNIDADE DO PROXECTO**

A Federación de Empresarios de Hostalaría de Pontevedra, FEPROHOS, considera de gran interese a execución do proxecto exposto, para o desenvolvemento e a sustentabilidade futura do sector hostaleiro.

Os avances da tecnoloxía web 2.0. revolucionaron as estratexias de promoción empresarial e a forma de comunicarse e chegar aos clientes polo que a adaptación a esta nova situación e a incorporación á Sociedade da Información (S.I.) a través de procedementos formativos que fomenten a igualdade de oportunidades en todos os sectores, como os desenvolvidos neste proxecto, resultan moi adecuados.

A adquisición de coñecementos e habilidades, que aporta o proxecto exposto, no manexo e aplicación rendible das utilidades que ofrecen estas ferramentas favorecerá o seu aproveitamento óptimo, e permitirá aos responsables dos establecementos membros de FEPROHOS empregarlas estratexicamente para dar a coñecer e promocionar os seus produtos e servizos. As melloras esperadas no funcionamento deste sector, a súa inmediata e importante repercusión positiva, e o fomento do emprego das TIC entre este colectivo son algúns dos factores que levan a clasificar este proxecto como innovador e de elevado interese.

Ademais, o actual contexto económico e a situación de crise internacional, que afecta especialmente a todos os sectores relacionados con turismo, motiva que non sexa o momento idóneo para grandes inversións e descobre a necesidade de promover a competitividade, e chegar ao público obxectivo, mediante ferramentas efectivas e gratuítas, como son as redes sociais e os blogs sobre as que se basou o proxecto desenvolvido.

## **D) IMPACTO DO PROXECTO**

O proxecto desenvolvido tivo un impacto moi positivo e a valoración resultante é altamente satisfactoria. O elevado índice de asistencia, a actitude participativa, o interese mostrado e o nivel de coñecemento adquirido fan esperar un inmediato incremento no emprego das TIC entre os socios de FEPROHOS e, con elo, unha mellora inmediata no funcionamento do sector.

A formación recibida no manexo e aplicación rendible das utilidades que ofrecen as ferramentas web 2.0. permitirá aos membros de FEPROHOS empregalas estratexicamente para dar a coñecer e promocionar os seus establecementos e servizos, optimizando á vez o seu posicionamento nun mercado cada vez máis competitivo.

Mediante estas utilidades os destinatarios da formación disporán dunha forma de comunicarse e chegar de xeito directo ao público obxectivo, recibindo ademais unha contraprestación, en forma de opinións e suxestións, que pode serlles de gran utilidade e contribuír a mellorar o funcionamento dos seus negocios.